

CARTA DE SERVIZOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



Rúa Pablo Iglesias, 15185 – Cerceda.

FINALIDADES DA ORIENTACIÓN.

- Contribuír á educación integral do alumnado.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do mesmo.
- Orientar o proceso de toma de decisións respecto ao futuro académico e profesional.
- Favorecer as relacións entre o alumnado, a través da aprendizaxe cooperativa e da socialización.
- Contribuír á adecuada interacción entre os membros da comunidade educativa.

PRINCIPAIS FUNCIÓNS QUE PRESTA.



- **Alumnado:**
 - Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica para poder asesorar na implementación das diferentes medidas de atención á diversidade.

- Efectuar, xunto co profesorado titor, un seguimento do seu proceso de aprendizaxe.
- Facilitar a integración de todo o alumnado, así como orientalo no seu proceso formativo (académico, persoal e social).

- **Profesorado:**

- Facelo partícipe no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación.
- Asesorar sobre as diferentes medidas de atención á diversidade.
- Facer achegas, e prestar asesoramento e ferramentas no desenvolvemento dunha axeitada Orientación Académica e Profesional.

- **Familias:**

- Proporcionarlle asesoramento sobre o desenvolvemento persoal, académico e social dos fillos e fillas, en coordinación co profesorado titor.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que poda afectar ao alumnado.
- Facilitar a cooperación entre o profesorado e as familias.
- Implicalas nas actividades de apoio á aprendizaxe e

- na orientación das súas fillas e fillos.
- Promover a súa colaboración cos servizos externos correspondentes.



COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DO DEP. DE ORIENTACIÓN COS SERVIZOS DE TITORÍA.

- **Alumnado:**

A través das sesións de titoría, o alumnado pode participar e colaborar nos tres ámbitos da acción titorial, coa participación do Departamento de Orientación.

- **Profesorado:**

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica, os xefes e xefas de Departamento, poden facer achegas ao Plan de Acción Titorial e colaborar na súa implementación e seguimento. Tamén a través do Claustro.

- **Familias:**

As familias teñen varios canles de participación no centro educativo:

- Consello Escolar.
- ANPA.
- Escola de familias.

CONTACTOS.



- **Teléfono:**
881 880505
- **Correos electrónicos:**
Do centro:
cpi.cruce@edu.xunta.gal
Do Departamento de Orientación:
mariadr@edu.xunta.gal
Xefa do DO:
María J. Díaz Rodríguez.

- **Abalar móbil:**



A través desta aplicación, as familias poderán ter acceso directo e inmediato co profesorado titor, parte fundamental do Departamento de Orientación.

HORARIOS E LUGARES DE ATENCIÓN.

- **Horarios de atención ao alumnado por parte da orientadora:**
 - En calquera momento que o precisen, pero sobre todo nos tempos de lecer os luns, martes, xoves e venres.
 - A orientadora tamén entrará nas aulas, en coordinación co profesorado titor, para poder levar a cabo actividades complementarias relacionadas co desenvolvemento académico, persoal e social de todo o alumnado.

- **Horarios de atención ás familias:**
A orientadora ten unha hora de atención ás familias no seu horario (os venres de 12:20 a 13:10), pero ten moita dispoñibilidade para atender ás mesmas, previa cita, en moitos momentos ao longo da semana, agás os mércores, que acode ao CEIP de A Silva para atender as necesidades a nivel de orientación deste centro.
- **Lugares de atención:**
A atención coas familias será preferiblemente presencial, previa cita, no Departamento de Orientación.

MEDIDAS DE SUBSANACIÓN.

En caso de desconformidade co servizo prestado, calquera membro da comunidade educativa pode poñerse en contacto, seguindo unha orde xerárquica, cos seguintes servizos:

- Intentar solucionar a desconformidade coa orientadora.
- Coa xefatura de estudos do centro.
- Coa dirección do centro.
- Co servizo de inspección educativa.

NORMATIVA REGULADORA DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA.

- A LOMLOE establece os principios e fins da educación (función titorial e orientadora como parte da función docente, o esforzo individual do alumnado e o esforzo compartido entre alumnado, profesorado e familias).
- No Decreto 120/1998 e na Orde que o desenvolve (Orde do 24 de xullo de 1998) establécense as funcións do DO, así como as funcións da persoa que exerce a xefatura do mesmo.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, na que se contempla esta como o principio fundamental do Sistema Educativo.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Xefa do DO.
- Mestra especialista en PT para a etapa da ESO.
- Mestra especialista en PT para a etapa de EI e EP.
- Mestras especialistas en AL para as etapas de EI e EP.
- Profesorado titor e coordinador das diferentes etapas educativas impartidas no centro.